

## SUBE E BAIXA



**Luís Tosar,**  
*Actor*

↑ O galego levou o galardón a mellor actor polo filme *Celda 211* na XV edición do Premio Cinematográfico José María Forqué, que cada ano reconece o valor e a calidade das mellores producións do cinema español.



**Timothy Geithner,**

*Secretario do Tesouro de EEUU*

▬ O repunte do PIB estadounidense cun crecemento do 5,7% no cuarto trimestre fai que o país dea por concluída a recesión e permite minimizar os malos datos do paro, que xa afecta un 10% da poboación.



**Tony Blair,**

*Ex primeiro ministro británico*

↓ O ex mandatario de Gran Bretaña volveu reiterar que a súa decisión de entrar en guerra con Iraq foi axeitada malia que nunca se atoparon as armas de destrución masiva que foron o detonante da intervención.